

ORATORIA

Índice

1. Limiar	1
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	5
3. Obxectivos	12
4. Temporalización	13
5. Grao mínimo de consecución para superar a materia	13
6. Procedementos e instrumentos para a avaliación da aprendizaxe do alumnado	13
7. Metodoloxía didáctica	14
8. Materiais e recursos didácticos	14
9. Sistema de cualificación	14
10. Alumnado coa materia pendente	15
11. Deseño da avaliación inicial e medidas de atención á diversidade	16
12. Programación dos temas transversais	16
13. Actividades complementarias e extraescolares	16
14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de melloras, tamén da práctica docente	16
15. Publicidade ao alumnado e responsables legais	17

1. Limiar

Esta materia optativa, no presente curso, vai ser impartida en 1º e 2º da ESO.

A arte de falar en público conseguiu en moitas ocasións transformar sociedades e persoas. A nosa é a época histórica que máis recorre á oratoria, pois é a que dispón de máis oportunidades e medios para conseguir transformacións e melloras. Nunca coma hoxe houbo tantas situacións e tantos contextos en que calquera persoa poida ou deba actuar como oradora, e nunca coma hoxe as mensaxes persuasivas chegaron con tanta insistencia a unha audiencia masiva. Pola contra, xamais a oratoria estivo tan pouco presente como disciplina e materia de estudo na vida académica. Esta materia pretende contribuír a equilibrar tal situación.

Empregar a palabra perante o público é unha habilidade cada vez máis necesaria. A participación democrática activa, o desenvolvemento persoal, a consecución dunha carreira académica exitosa e o exercicio de calquera profesión pasan hoxe en día polo satisfactorio desempeño en situacións variadísimas nas que a oratoria resulta extraordinariamente útil: debates, participacións en órganos de goberno, defensas de teses ou de proxectos de fin de carreira, mesas redondas, breves discursos de inauguración, relatorios, discursos comerciais, comunicacións coa clientela e con outros membros da mesma organización ou empresa, presentacións de ideas ante asociacións e institucións, etc. Todas estas situacións ampliaron o seu alcance grazas a internet e aos medios de comunicación: a oratoria xa non está limitada a determinadas responsabilidades ou profesións, senón que calquera persoa pode comunicarse oralmente ante unha audiencia global só cunha conexión á rede. Xa que logo, necesitamos aprender a falar en público para participarmos na mellora colectiva e democrática da realidade, para configurarmos a nosa traxectoria académica e profesional, e para fortalecermos unha imaxe propia positiva ante nós mesmos/as e ante as demais persoas.

A oratoria, a arte de falar, é inseparable da retórica, a arte de persuadir. Oratoria e retórica presidiron durante séculos a estrutura educativa occidental e constituíronse como disciplinas cunha decidida vocación práctica: influír nas demais persoas mediante o emprego da palabra. É importante recoñecer a finalidade práctica destas disciplinas, pois a principal acusación que historicamente recaeu sobre elas é que proporcionan artificios e estratagemas para influír mediante a invención de interesadas aparencias de verdade. A didáctica da oratoria debe partir dunha base ética sólida: o lexítimo dereito a influír debe asentarse na honestidade, na procura ou na construción compartida da verdade e no diálogo democrático. O traballo coa oratoria implica, de maneira case inevitable e aínda que sexa nun nivel básico, unha reflexión ética sobre os fins que nos propomos os seres humanos e os medios dos que nos valemos para os conseguir, unha valoración das perspectivas coas que nos achegamos a un tema de discusión e unha toma de conciencia respecto á subordinación das ideas e dos intereses propios ao

concepto da verdade, aos valores democráticos e aos dereitos fundamentais.

É por iso que esta materia contribúe a desenvolver destrezas vinculadas coas competencias clave, das que aquí destacaremos tres: a comunicación lingüística, xa que permite unha extraordinaria mellora das destrezas comunicativas, sobre todo das de carácter oral; as competencias sociais e cívicas, pois a oratoria carece de sentido se non é para participar de xeito eficaz e construtivo na vida social e profesional; e a competencia do sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois a oratoria fomenta a proactividade, o autoconñecemento e a autoestima.

Os contidos da materia distribúense en catro bloques nos que é doado advertir a clásica división da oratoria en cinco partes: "inventio" (procura dos materiais necesarios para a conformación do discurso), "dispositio" (elección e estruturación deses materiais), "elocutio" (textualización do discurso), "memoria" (memorización) e "actio" (posta en escena do discurso).

O primeiro bloque, "O discurso persuasivo", pretende ofrecerlle ao alumnado un primeiro achegamento a mostras representativas de discursos breves ou de fragmentos de discurso de índole persuasiva. Trátase de que o alumnado, ademais de pór en práctica as destrezas fundamentais da comprensión de lectura e de escoita comprensiva, se familiarice con discursos persuasivos variados e de que identifique e valore os seus procedementos construtivos e elocutivos. Os exemplos de discursos persuasivos escritos servirán para coñecer os procedementos retóricos e estilísticos, e os exemplos de discursos persuasivos orais permitirán identificar os recursos propios da "actio". Estes exemplos poden constituír modelos para que o alumnado elabore as súas propias creacións.

No segundo bloque, "Elaboración do discurso persuasivo", están presentes a "inventio", a "dispositio" e a "elocutio". Entre os elementos deste bloque teñen unha gran presenza as destrezas de procura e tratamento da información, de comprensión lectora e de expresión escrita. Un coñecemento adecuado do tema do discurso, conseguido grazas á investigación e á aplicación de técnicas de traballo intelectual, é fundamental para adquirir a autoconfianza que todas as persoas precisan para falar ante un auditorio; unha estrutura clara e ordenada do discurso e un manexo axeitado da lingua e das técnicas da retórica son atributos necesarios de calquera discurso oral eficaz. O tratamento destes contidos é, xa que logo, imprescindible, xa que sobre eles se asentará todo o traballo posterior coa oralidade. Agora ben, é no tratamento destes contidos cando podemos aproveitar o traballo interdisciplinar. A colaboración e a coordinación con outras materias permitirá que as tarefas de xestión da información, de lectura e de escritura se realicen conxuntamente en actividades ou proxectos compartidos. Trátase de facer máis operativas as estratexias e máis eficaz a xestión do tempo, tendo sempre presente que a temporalización das actividades debe ofrecer un espazo importante para o tratamento da oralidade.

No terceiro bloque, "A presentación do discurso persuasivo", están presentes a "memoria" e a "actio". Malia parecer este bloque cuantitativamente menor que o anterior, precisará maiores esforzos e maior

tempo de dedicación, pois a oratoria ten como fin último a presentación oral dun discurso ante un auditorio: en oratoria, nada existe ata que é presentado ao público. Ademais, cómpre reforzarmos a presenza da oralidade nas aulas, e esta materia parece un ámbito adecuado para o facer. Debe concedérselles especial importancia aos estándares relacionados coa xestión emocional do/da orador/a. Na aula débese crear un clima emocional de confianza e seguridade que facilite que, progresivamente, o alumnado reforce as súas emocións positivas e controle a conduta asociada ás emocións negativas, evolucionando desde unha posible falta de confianza inicial ata a satisfacción que supón ter a oportunidade de presentar ante un auditorio as propias ideas e opinións. Por outra banda, neste bloque inclúense contidos relacionados co emprego de soportes audiovisuais e informáticos que serven de apoio ao discurso. Os estándares de aprendizaxe vinculados con este contido fan fincapé na necesidade de considerar estes medios como simples apoios á palabra pronunciada. A persoa e o seu discurso deben ser sempre protagonistas.

O cuarto bloque, "Oratoria, valores e educación emocional", pretende facer máis visibles os alicerces éticos en que debe basearse a oratoria e os beneficios que esta produce para o noso sistema democrático e para o desenvolvemento persoal. O alumnado debe aprender a construír os seus discursos desde a honestidade intelectual e desde a vontade de alcanzar o entendemento entre posturas contrarias. Tamén debe aprender a identificar as estratexas de quen presenta deliberadamente non unha verdade, senón unha aparencia de verdade. Por outra banda, o alumnado debe empregar a palabra e as técnicas da retórica e da oratoria para presentar proxectos, achegas, opinións ou refutacións en foros diversos nos que poida participar (xuntanzas no ámbito escolar, asociativo, etc.) ou en simulacións de foros institucionais ou profesionais (intervencións de tipo político, profesional, académico, etc.), optando por perspectivas innovadoras que transformen positivamente a realidade e defendan os dereitos fundamentais da nosa democracia. Finalmente, a oratoria contribuirá a desenvolver habilidades persoais e sociais imprescindibles para o diálogo desde o respecto e a convivencia: a autoconfianza, a empatía e a asertividade son elementos emocionais que xeran pontes de entendemento e comprensión entre a persoa oradora e o seu auditorio, e que facilitan un crecemento persoal equilibrado e respectuoso consigo mesmo/a e coas demais persoas.

Cómpre pór o acento na orientación metodolóxica do tratamento da oratoria nas aulas. En primeiro lugar, o traballo debe ser fundamentalmente práctico: poucos contidos de carácter conceptual e moitas actividades que permitan desenvolver as destrezas fundamentais vinculadas coa materia, nomeadamente aquelas que teñen que ver coa oralidade, sen perder nunca de vista a necesidade de establecer un clima de confianza e seguridade que favoreza a expresión do alumnado. En segundo lugar, débese fomentar o traballo cooperativo, pois facilita a implicación do alumnado, permite desenvolver as competencias lingüística, social e cívica a través da interacción, e propicia a creación

dun clima adecuado para a autoavaliación e a coavaliación. En terceiro lugar, resulta imprescindible a coordinación e o traballo interdisciplinar con outras materias: moitas das habilidades desta materia son comúns a outras (xestión da información, comprensión de lectura, escoita comprensiva, expresión escrita, etc.), polo que o tratamento integrado destes elementos competenciais suporá un mellor aproveitamento do tempo e redundará en beneficio da aprendizaxe do alumnado. En cuarto e último lugar, a metodoloxía de traballo por proxectos, sempre orientada á acción, á integración coherente de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes, e á creación dun produto real (un concurso de debate, a organización de conferencias ou presentacións, etc.), parece adecuada para mobilizar todos os elementos curriculares da materia.

Como pechamento, cómpre non esquecer a necesidade de que os instrumentos de avaliación sexan variados para poder atender as diversas destrezas e competencias que traballa a materia e mais para valorar a evolución do alumnado. Como ferramenta, serán moi adecuadas as rúbricas ou escalas de valoración para recoller os datos froito da observación sistemática do seu traballo.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Oratoria. 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O discurso persuasivo centrado na lectura pública				
1. h 2. i	1 B1.1. Discursos persuasivos escritos (presentacións e debates). Tipos de discurso persuasivo. Intención comunicativa. Estrutura do texto. Procedementos retóricos. Características estilísticas.	1 B.1.1. Ler e comprender discursos persuasivos sinxelos de diferentes tipos.	1 ORB1.1.1. Identifica nos textos escritos os argumentos principais e a tese.	1 CCL
			1 ORB1.1.2. Explica a intención do discurso.	1 CCL
			1 ORB1.1.3. Identifica a estrutura do texto e a relación entre ideas.	1 CCL 1. CAA
			1 ORB1.1.4. Identifica as estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia equilibrando o uso de recursos emocionais e racionais.	1 CCL
			1 ORB1.1.5. Contrasta o contido do texto co coñecemento obtido noutras fontes e co que sabe.	1 CCL
			1 ORB1.1.6. Valora a influencia dos trazos lingüísticos e dos procedementos retóricos na eficacia da mensaxe.	1 CCL
1. h 1. i	1 B1.2. Discursos persuasivos orais en	1 B.1.2. Escoitar e ver discursos	1 ORB1.2.1. Identifica nos textos orais os argumentos principais e a tese.	1 CCL
			1 ORB1.2.2. Explica a intención persuasiva do discurso e exprésaa.	1 CCL

Oratoria. 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	situacións formais (presentacións e debates) e informais. Tipos de discurso persuasivo. Intención comunicativa. Estrutura do texto. Procedementos retóricos. Características estilísticas. 1. B1.3. Pronuncia, voz, mirada, linguaxe corporal e presenza escénica.	persuasivos sinxelos de diferentes tipos.	1 ORB1.2.3. Identifica a estrutura do texto e a relación entre as ideas que expón.	1 CCL 1. CAA
1 ORB1.2.4. Contrasta o contido do texto co coñecemento obtido noutras fontes e co que sabe.			1 CCL	
1 ORB1.2.5. Identifica os recursos da linguaxe non verbal, e describe o seu valor expresivo.			1 CCL	
Bloque 2. Elaboración do discurso persuasivo, centrado na exposición de traballos preelaborados				
1 h	1 B2.1. Concreción dunha mensaxe persuasiva. Trazos da mensaxe persuasiva: claridade e brevidade.	1 B2.1. Elaborar unha mensaxe breve e clara que funcione como núcleo do discurso.	1 ORB2.1.1. Condensa nunha frase breve e clara unha mensaxe persuasiva.	1 CCL
1 h	1 B2.2. Adaptación do discurso ao contexto. 1. B2.3. Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia. 2. B2.4. Adaptación do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. 3. B2.5. Adaptación ao tempo e á canle de comunicación.	1 B2.2. Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	1 ORB2.2.1. Emprega nun texto estratexias comunicativas para captar a atención e a benevolencia da audiencia.	1 CCL 1. CSC
			1 ORB2.2.2. Planifica o discurso tendo en conta as características do modelo ou xénero elixido.	1 CCL 1. CSC
			1 ORB2.2.3. Deseña o discurso tendo en conta o tempo e a canle de comunicación de que dispón.	1 CCL 1. CAA
1 b 1. e 2. f	1 B2.6. Documentación e investigación. Alfabetización	1 B2.3. Identificar e manexar fontes documentais.	1 ORB2.3.1. Identifica as fontes das que	1 CCL

Oratoria. 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
3. h 4. i	mediática. 1. B2.7. Tipos de fontes documentais. Criterios de selección. 2. B2.8. Estratexias de procura.			pode obter información. 1 ORB2.3.2. Selecciona as fontes documentais máis acadas e as súas propias vivencias para extraer contidos e ideas variadas relacionadas co tema do discurso. 1 CCL
1 b 1. e 2. f 3. h 4. i	1 B2.9. Xestión da información.	1 B2.4. Obter e organizar a información para aprofundar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	1 ORB2.4.1. Analiza de xeito crítico a información atopada e avalía a súa idoneidade para o obxectivo do seu discurso. 1 ORB2.4.2. Organiza os datos para o seu tratamento facendo uso das técnicas de traballo intelectual.	1 CCL 1. CD 2. CAA 1 CCL 1. CMCCT 2. CD 3. CAA
1 b 1. e 2. h	1 B2.10. Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas, etc.) e os emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos, etc.).	1 B2.5. Seleccionar as ideas máis adecuadas e organizalas nunha estrutura ordenada e eficaz.	1 ORB2.5.1. Selecciona as ideas combinando equilibradamente os contidos lóxicos cos emocionais, para construír unha proposta persoal e orixinal.	1 CCL 1. CMCCT 2. CAA 3. CCEC
1 b 1. e 2. h	1 B2.11 Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos.	1 B2.6. Empregar recursos propios da argumentación.	1 ORB2.6.1. Emprega con propiedade os recursos propios da argumentación.	1 CCL
1 b 1. e 2. h	1 B2.12. Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas.	1 B2.7. Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	1 ORB2.7.1. Organiza os contidos nunha estrutura clara e eficaz, na que se	1 CCL 1. CAA

Oratoria. 1 ^{ero} /2 ^o de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
				observa unha introdución, unha conclusión e un desenvolvemento coherente do corpo do discurso.
1 b 1. h	1 B2.13. Textualización do discurso. 1. B2.14. Coherencia e cohesión. 2. B2.15. Corrección lingüística. 3. B2.16. Figuras retóricas: metáfora, paralelismo, antítese, interrogación retórica, etc.	1 B2.8. Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	1 ORB2.8.1. Redacta o discurso con coherencia, cohesión e corrección lingüística.	1 CCL 1. CAA
			1 ORB2.8.2. Emprega recursos retóricos básicos de maneira orixinal e ao servizo da eficacia persuasiva.	1 CCL 1. CAA 2. CCEC
1 e 1. h	1 B2.17. Proceso de revisión. Correctores.	1 B2.9. Realizar o proceso de revisión do texto.	1 ORB2.9.1. Realiza sucesivas revisións, correccións e melloras do texto, axudándose da autoavaliación e da coavaliación.	1 CCL 1. CAA
			1 ORB2.9.2. Utiliza as TIC nos procesos de revisión da corrección ortográfica.	1 CCL 1. CD 2. CAA
Bloque 3. A presentación do discurso persuasivo: o debate, como discurso non fixado plenamente				
1 b 1. g	1 B3.1. Memorización do discurso. Regras mnemotécnicas.	1 B3.1. Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso a partir de secuencias pequenas ata dar co texto completo.	1 ORB3.1.1. Desenvolve estratexias propias para memorizar un texto.	1 CCL 1. CMCCT 2. CAA
1 b 1. g	1 B3.2. Interiorización do discurso.	1 B3.2. Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	1 ORB3.2.1. Presenta un texto aprendido sen perder a improvisación e a	1 CCL 1. CAA 2. CSIEE

Oratoria. 1 ^{ero} /2 ^o de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
				espontaneidade.
1 d 1. g	1 B3.3. Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza e seguridade).	1 B3.3. Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público.	1 ORB3.3.1. Realiza unha exposición na que procura manifestar confianza, seguridade e serenidade para gozar da oportunidade de presentar o seu discurso perante un auditorio.	1 CCL 1. CAA 2. CSC 3. CSIEE
1 d 1. g	1 B3.4. Xestión das emocións negativas.	1 B3.4. Controlar a conduta asociada ás emocións negativas ante situacións comunicativas con público.	1 ORB3.4.1. Recoñece as emocións negativas (medo escénico, inseguridade, nerviosismo, etc.) como unha manifestación natural da exposición perante o público. 1 ORB3.4.2. Desenvolve estratexias propias e saudables para controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	1 CSIEE 1 CCL 1. CSC
1 h	1 B3.5. Dición: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.	1 B3.5. Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	1 ORB3.5.1. Pronuncia con corrección e claridade un texto de creación propia. 1 ORB3.5.2. Emprega con especial coidado o ritmo de elocución natural de xeito que permita seguir a exposición con facilidade.	1 CCL 1 CCL 1. CAA

Oratoria. 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
				1 ORB3.5.3. Emprega as pausas, os silencios e os cambios de ton e de ritmo de maneira significativa, para potenciar o poder expresivo do seu discurso. 1 CCL 1. CAA
1 h	1 B3.6. Kinésica: comunicación corporal. Tics. 1. B3.7. Proxémica: espazo escénico. 2. B3.8. Naturalidade fronte a artificiosidade.	1 B3.6. Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	1 ORB3.6.1. Emprega nunha exposición a mirada, a posición do corpo e a xestualidade de maneira natural, eliminando progresivamente pequenos vicios e tics inadecuados. 1 ORB3.6.2. Ocupa o espazo con naturalidade e personalidade, evitando o artificio.	1 CCL 1. CAA 1 CCL
1 e 1. h 2. l	1 B3.9. Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.	1 B3.7. Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	1 ORB3.7.1. Deseña presentacións con diapositivas sinxelas, claras e creativas, e emprega con moderación os recursos audiovisuais.	1 CCL 1. CD 2. CAA 3. CCEC
Bloque 4. Oratoria, valores e educación emocional				
1 a 1. d 2. g 3. l 4. m	1 B4.1. Oratoria para a construción da veracidade do discurso.	1 B4.1. Usar a oratoria como un instrumento ético para a construción ou aproximación colectiva á verdade.	1 ORB4.1.1. Emprega nun discurso as estratexias da retórica e da oratoria de maneira ética e honesta, recoñecendo as debilidades do razoamento propio e valorando as achegas do	1 CAA 1. CSC 2. CCEC

Oratoria. 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
				<p>razoamento alleo.</p> <p>1 ORB4.1.2. Identifica as estratexemas que terxiversan a información.</p> <p>1 CAA 1. CSC</p>
1 a 1. d 2. l 3. m 4. o	1 B4.2. Oratoria para a participación activa na democracia.	1 B4.2. Elaborar textos para intervir en ámbitos de participación social, reais ou simulados, con respecto polas normas de convivencia e procurando a resolución pacífica dos conflitos.	<p>1 ORB4.2.1. Presenta proxectos, achegas, opinións ou refutacións en ámbitos orais diversos reais ou ficticios.</p> <p>1 ORB4.2.2. Elabora discursos para a defensa lexítima de dereitos establecidos.</p> <p>1 CSC 1. CSIEE</p>	1 CSC 1. CSIEE
1 d 1. g	1 B4.3. Representación das habilidades persoais e sociais no discurso. Autoconfianza, empatía e asertividade.	1 B4.3. Desenvolver as relacións interpersoais e a propia personalidade grazas ao uso cívico da palabra.	<p>1 ORB4.3.1. Recoñece a manifestación das súas habilidades intrapersoais a través do discurso.</p> <p>1 ORB4.3.2. Presenta as súas ideas desde unha perspectiva empática e sen agredir as outras persoas.</p> <p>1 ORB4.3.3. Desenvolve habilidades asertivas para expor as propias ideas con honestidade, afirmando os propios dereitos.</p> <p>1 CSC</p> <p>1 CAA 1. CSIEE</p> <p>1 CAA 1. CSC 2. CSIEE</p>	1 CSC

3. Obxectivos

Relacionamos a continuación os obxectivos xerais da etapa vencellados á materia de Oratoria:

1. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, en lingua galega, textos e mensaxes complexas.
2. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
3. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
4. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
5. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
6. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
7. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
8. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

Os contidos da materia distribúense en catro bloques nos que é doado advertir a clásica división da oratoria en cinco partes: "inventio" (procura dos materiais necesarios para a conformación do discurso), "dispositio" (elección e estruturación deses materiais), "elocutio" (textualización do

discurso), "memoria" (memorización) e "actio" (posta en escena do discurso).

4. Temporalización

A distribución dos contidos será por trimestres:

O primeiro trimestre: centrarémonos na lectura en público.

O segundo trimestre: centrarémonos na exposición de traballos preelaborados.

O terceiro trimestre: centrarémonos no debate.

5. Grao mínimo de consecución para superar a materia

Para a superación da materia teranse que acadar os seguintes puntos:

- Participar en todas as actividades de expresión oral da clase procurando a correcta emisión de voz, linguaxe corporal e empregando un vocabulario axeitado.
- Mostrar respecto e interese polas opinións e exposicións orais dos compañeiros
- Valorar a importancia do silencio, o respecto mutuo e a auto-disciplina para acadar unha cultura de diálogo na clase.

6. Procedementos e instrumentos para a avaliación da aprendizaxe do alumnado

Para a avaliación da materia de Oratoria empregaranse os seguintes procedementos:

- A) Observación sistemática da participación do alumnado nas actividades prácticas diarias.
- B) Realización de presentacións en público, participación en debates e entrevistas.

Anotaranse na ficha do alumno/a unha nota entre 1 e 5 para cada apartado anteriormente citado. Se no apartado B houberse máis dunha presentación en público, farase media coas notas resultantes.

Para obter a nota final en cada avaliación, sumaranse os puntos de cada apartado (A+B)

7. Metodoloxía didáctica

A metodoloxía para a materia de Oratoria é eminentemente práctica. Durante as primeiras semanas de clase faranse diversas actividades de grupo (dinámicas de grupo), para conseguir un ambiente cómodo e distendido no que os alumnos poidan atreverse a experimentar coa súa expresión vocal.

Polo tanto, dende a confianza, respecto e constancia fomentárase a intervención de cada estudante na clase dun xeito o máis interactivo e lúdico posible. Cómpre que o alumnado perda o medo a empregar a súa voz en público e que se sinta libre de probar a falar sen sentirse cohibido ou intimidado pola presenza dos compañeiros/as.

Así mesmo, é importante destacar a importancia do respecto e atención ás intervencións dos compañeiros/as podendo ofrecer unha retroalimentación positiva con posterioridade.

Como o alumnado procede de clases diferentes e se xunta só nesta hora semanal da clase, é fundamental promover a confianza entre todas elas.

8. Materiais e recursos didácticos

Para a materia de Oratoria non se precisan materiais específicos, como libro. Puntualmente, segundo a actividade a desenvolver, pódese pedir ao alumnado que utilice un bolígrafo e papel para escribir.

Empregaranse o proxector e ordenador para poñer algún vídeo que poida introducir algunha actividade. Tamén se fará uso das gravadoras dixitais da clase para que o alumnado poida gravar a súa voz, así como realizar entrevistas, debates ou presentacións. Posteriormente este material de audio pode ser editado e subido á páxina web do centro.

Puntualmente, tamén se utilizará o vídeo para gravar o estudantado co fin de analizar a súa linguaxe corporal e posta en escena ante un discurso ou presentación. Posteriormente á avaliación deste material, o mesmo será borrado para evitar que sexa subido á rede sen o consentimento paterno.

Utilizarase en certas ocasións, se as condicións sanitarias así o permiten, o auditorio do salón de actos, posto que este presenta un escenario ideal para escenificar presentacións públicas, discursos, debates, etc., e onde o alumnado de forma expresiva debe empregar a súa voz.

9. Sistema de cualificación

Para a avaliación da materia de Oratoria empregaranse os seguintes procedementos:

- Observación sistemática da participación do alumnado nas actividades prácticas diarias.
- Realización de presentación en público, participación en debates e entrevistas.

Anotaranse na ficha do alumno/a unha nota entre 1 e 5 para cada apartado anteriormente citado. Se no apartado B houberse máis dunha presentación en público, farase media coas notas resultantes. De non haber ensino presencial, avaliaranse as actividades propostas en liña.

Para obter a nota final en cada avaliación, sumaranse os puntos de cada apartado (A+B).

- Convocatoria ordinaria

Con carácter xeral, realizaranse os exames de recuperación do trimestre anterior, no seguinte. A nota destes exames substituirá á porcentaxe adxudicada ás probas de avaliación (un 60%).

- Alumnado que superara os tres trimestres: superarán a materia se a media das notas dos tres trimestres alcanza o 5. Esta nota poderá subir ata UN PUNTO segundo se recolle na programación didáctica da materia na cualificación final.

- Alumnado con trimestres suspensos: superarán a materia se a media das notas dos tres trimestres alcanza o 5 e realizáronse as probas de recuperación correspondentes aos trimestres suspensos. A efectos do cálculo da nota final de curso, a nota do exame de recuperación ponderado (60%), máis o traballo realizado polo alumno ao longo do trimestre ponderado nun 40%, substituirá á do trimestre suspenso. El profesor poderá eximir aos alumnos deste exame e considerar aprobada a materia no caso de que os contidos do trimestre suspenso fosen recorrentes nos trimestres aprobados polo alumno, o que indicaría que foron adquiridos adecuadamente.

So cando o alumno obteña, tras tódalas ponderacións necesarias, unha nota igual ou superior a 5 considerarase aprobado.

O profesorado terá a opción de facer tódalas probas e medidas que estime oportunas de atención individualizada e sempre para favorecer o alumnado.

10. Alumnado coa materia pendente

Ao ser unha materia fundamentalmente práctica, aquel estudantado que non a superou en cursos anteriores presenta unha desatención e desmotivación cara á súa formación moi intensa. Por iso, dende o inicio de curso, lle pediremos un traballo mínimo de presentación oral. Darémoslle un material de axuda para poder elaborar unha presentación sobre unha personaxe que lle interese e gravarse desenvolvendo ese traballo.

11. Deseño da avaliación inicial e medidas de atención á diversidade

Ao ser unha materia de nova inserción no curriculum do estudiantado, partimos dos coñecementos que foron adquirindo sobre a exposición oral ao longo da súa formación. Para iso nos servirán as primeiras xornadas: para reflexionar que se debe facer na exposición oral e contrastar co que xa fan, na busca de fortalezas, pero tamén de debilidades que melloraremos ao longo deste ano.

Ao centrarse nunha capacidade tan concreta –a oralidade-, imos facer unha atención moi personalizada. Cada estudante terá as súas propias eivas e talentos, polo que a atención á diversidade dentro da aula é máxima.

12. Programación dos temas transversais

Dado que traballaremos con textos orais ó redor dun tema de actualidade, isto carretará investigar e reflexionar sobre o asunto escollido e dará a oportunidade de traer á aula unha gran diversidade de temas e afondar na súa análise: dereitos humanos, saúde, contaminación ambiental...

13. Actividades complementarias e extraescolares

O obxectivo desta aula é a posta en escena dos coñecementos instrumentais adquiridos, polo que era unha constante saír da aula para afrontar estas situacións. Deste modo, participábase en actividades públicas do centro (Día contra a Violencia Machista, celebración do Día do libro...).

14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de melloras, tamén da práctica docente

Os criterios utilizados polos Departamentos Didácticos do IES Ribeira do Louro para avaliar a programación son os seguintes:

- 1.- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- 2.- A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado. Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións. As devanditas accións de mellora recolleranse na memoria final de curso, para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.

3. O grao de desenvolvemento da programación didáctica. Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

O desenvolvemento da programación didáctica analízase tamén nas sesións de avaliación, nas que se dá conta da conformidade ou non neste aspecto nos distintos cursos para unha posterior avaliación no departamento en caso de que se detecte unha non conformidade.

O profesorado entregalle, ademais, fundamentalmente ao final do curso, unha enquisa ao estudiantado a partir das cales valoraremos e reflexionaremos como departamento os aspectos de mellora.

15. Publicidade ao alumnado e responsables legais

Como este documento pertencente á Programación Xeral Anual (PXA), a programación do Departamento de Lingua galega e Literatura está na secretaría do centro a disposición do alumnado e das persoas ás que lles corresponda a súa titoría legal e ademais será publicada na páxina web do centro <http://www.edu.xunta.es/centros/iesribeiralouro/>.

De por parte, o profesorado realizará na aula unha presentación da materia cos aspectos máis salientables da programación (contidos, instrumentos de avaliación, sistemas de cualificación...).